

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

0016914732831369900004637848466420027975

**1. Sinale a opción correcta en relación coa protección da saúde na Constitución española:**

- A) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- B) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte.
- C) Os poderes públicos facilitarán a adecuada utilización do lecer.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**2. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, son funcións do Parlamento de Galicia:**

- A) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- B) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- C) Fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia, tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.
- D) Son correctas as opcións a) e b).

**3. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o tempo en que o persoal estatutario permaneza en situación de excedencia voluntaria:**

- A) Computa a efectos de carreira profesional.
- B) Computa a efectos de trienios.
- C) Computa a efectos de trienios e de carreira profesional.
- D) Non computa nin a efectos de carreira profesional nin de trienios.

**4. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario dos servizos de saúde ostenta, entre outros, os seguintes dereitos:**

- A) Á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional, na forma en que prevexan as disposicións en cada caso aplicables.
- B) Á non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- C) Á negociación colectiva, representación e participación na determinación das condicións de traballo.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**5. Segundo a Lei 31/1995, ¿a prevención de riscos laborais debe integrarse no sistema xeral de xestión da empresa?:**

- A) Si, en calquera caso, e a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais.
- B) Só naquelas empresas con alta sinistralidade, e a través da planificación e execución do programa de actividades de prevención de riscos laborais.
- C) Só naquelas empresas con elevado risco de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, e a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais.
- D) Só naquelas empresas con máis de 60 traballadores/as, e a través da planificación e execución do programa de actividades de prevención de riscos laborais.

**6. Segundo o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinale a opción correcta en relación coa convocatoria e desenvolvemento das probas selectivas:**

- A) Unha vez determinados os destinos asignados, publicarase no Diario Oficial Galicia a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, con nomeamento como persoal estatutario fixo e asignación de destino a aqueles aspirantes seleccionados que acreditasen o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.
- B) Os aspirantes nomeados dispoñerán do prazo de quince días para incorporarse ao destino adxudicado.
- C) O cómputo do prazo iniciarase ao terceiro día hábil a contar desde a publicación da resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

**7. Segundo a Lei 31/1995, a política en materia de prevención de riscos laborais terá por obxecto:**

- A) a prevención dos danos á saúde derivados do traballo mediante a adopción das medidas de prevención necesarias.
- B) a promoción da mellora das condicións de traballo dirixida a elevar o nivel de protección da seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.
- C) o establecemento dun plan de prevención de riscos laborais para mellorar o benestar dos traballadores no traballo.
- D) o fomento de contornas seguras de traballo, a redución das sancións en materia de prevención de riscos laborais e a diminución das baixas de orixe laboral.

**8. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, as persoas usuarias dos servizos do sistema sanitario público, ou vinculadas a el, teñen entre outros os seguintes dereitos, EXCEPTO:**

- A) Utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxerencias nos prazos previstos.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- C) Obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde, nos termos que regulamentariamente se establezan pola Administración do Estado.
- D) Participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.

**9. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, sinale a opción correcta en relación co exercicio das competencias do Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) A aprobación do Plan de saúde de Galicia é competencia do Consello da Xunta de Galicia.
- B) A aprobación das directrices de política sanitaria da Xunta de Galicia é competencia da Consellería de Sanidade.
- C) A avaliación, en termos de saúde e actividade, do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia é competencia do Consello da Xunta de Galicia.
- D) A aprobación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia é competencia da Consellería de Sanidade.

**10. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a declaración de instrucións previas deberá formalizarse mediante algún dos procedementos seguintes:**

- A) Ante Notario, non sendo necesaria a presenza de testemuñas.
- B) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, dos cales dous, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.
- C) Ante Notario e coa presenza de tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, dos cales dous, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.
- D) As opcións a) e b) son correctas.

Preguntas de reserva

**1. Segundo a constitución española, a soberanía nacional reside en:**

- A) A Monarquía parlamentaria.
- B) O pobo español, do que emanan os poderes do Estado.
- C) O Congreso e o Senado.
- D) As leis.

**2. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, as opcións seguintes son correctas EXCEPTO:**

- A) O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado polo Rey.
- B) A Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia.
- C) O Presidente dirixe e coordina a acción da Xunta e ostenta a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.
- D) O Presidente da Xunta será politicamente responsable ante o Rey e as Cortes.



